

Igrexa Parroquial

Benqueridos amigos do Belén de Begonte:

Iniciamos hoxe a tempada XL do Nadal begontino, que sempre decimos porque o cremos e comprobamos que Begonte se convierte por un tempo na capital do Nadal en Galicia, e recibe moitas veces o nome de “Begonte no Belén”.

Hoxe é un día especial, porque dalgún xeito tamén Begonte se convierte na capital de Galicia, xa que o Presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, ven ao Centro cultural “José Domínguez Guizán” para pronunciar o noso Pregón do Nadal.

Hai vinte anos, 1991, o pregoeiro foi Manuel Fraga Iribarne, entón Presidente da Xunta de Galicia. Vinte anos despois, tamén o Presidente da Xunta de Galicia, acude a Begonte abrir o Nadal begontino. O acto é á unha da tarde, no Centro Cultural, agradecendo a presencia de todos vós, como testemuña do enraizamento do Belén e o Nadal nas xentes de Begonte.

A Misa que agora vai comezar ofrécese na memoria das xentes do Belén, socios, amigos... que xa nos deixaron. E nos primeiros lugares da lembranza están fundador, José Domínguez Guizán, e o creador, José Rodríguez Varela-Joselín; e a Presidenta de honra, María Teresa de Mateo, de Hernangómez Sastre (O Presidente de Honra está hoxe connosco como en todos os acontecementos importantes do Belén), e lembramos a Jose Antonio o Alemán, a Teté, e aos pregoeiros que se nos foron: Luis Cordeiro, José Tuñas Bouzón, Enrique Fernández, Ramón Carballal Pernas, Monseñor
..... e tantos outros que nos deixaron xa tan axiña.

Levamos corenta anos, e nese período de tempo as nosas vidas experimentaron tantísimos cambios , que case non somos os mesmos. Pero temos memoria e lembramos aos nosos, aos begontinos de nacemento ou de querencia, e por eso celebramos esta misa para lembrar e pregar aos que quixeron a Begonte e ao Belén.

Canta esta misa o ORFEÓN LUCENSE, coro oficial da Catedral de Lugo, dirixido polo seu director adxunto, Marcos Fernández Mosquera. E interpreta unha versión reducida da misa galega do fundador do Orfeón, o crego José Castiñeira Pardo.